

Follas do Cineclub | 22/05/2019

TEMENOS

(Alberte Pagán, Galiza, 2017, 37', VO)

FLORA E FAUNA (SHOT ON SIGHT)

(Alberte Pagán, Galiza, 2017, 14', VO)

ULURU

(Alberte Pagán, Galiza, 2018, 7', VO)

O CARUNCHO

(Alberte Pagán, Galiza, 2018, 17', VO)

Coa presenza de Alberte Pagán

03

**ULURU
PABLO GAMBA**

Tirado de "Cortocircuíto 2018: Vía de María Ferreira y Uluru de Alberte Pagán" in *Desistfilm*, 3/10/2018. (dispoñíbel en <http://desistfilm.com/cortocircuíto-2018-via-de-maria-ferreira-y-uluru-de-alberte-pagan/>)

O ollar de *Uluru* é seducido polos atractivos do monólito do título, que ten máis de 300 metros de altura. É unha das atraccións turísticas dun parque nacional en Australia. A súa presenza inclúe a cultura dos aborixes do lugar, os seus cantos e o "misticismo" que adoita ser asociado a todo iso. Alberte Pagán fixo un percorrido polo perímetro de 11 quilómetros da montaña, gravando imaxes cun Mini iPad. Explicao na súa páxina web.

Pero hai nesta curta unha posta de relevo dos problemas de como levar a cabo unha representación ou simple rexistro de algo como Uluru. Comeza coa ambigüidade do plano inicial: a superficie da pedra, vista de preto e nun lento *travelling*, cun son que lembra o do interior dun avión, parécese a unha das vistas aéreas de [María] Ferreira. O gran plano xeral que permite ver todo o monólito e os arredores, inserido como un flash en medio do *travelling*, constitúe un non menos problemático "establishing shot".

A isto engádese o traballo coa maneira na que a cámara do dispositivo rexistra planos nos que o único que se ve é a distorsión creada pola luz, e outros nos que non se gravou nada, pero a vibración pon en evidencia o carácter electrónico do medio empregado para a gravación. O correlato sonoro na curta é a distorsión progresiva nun concerto da banda española Vietcong.

Pagán recorre, ademais, a unha montaxe rítmica característica de cinema experimental que non considera unidade fundamental o plano senón o fotograma, aínda que esa noción sexa problemática cando non se traballa nun formato fotográfico sinón en dixital. Incluso a distorsión causa algo parecido ao *flickering*, esa titilación característica da imaxe de película proxectada. Combina esa montaxe, porén, co aproveitamento da tecnoloxía informática para manipular a color. Iso e o achegamento á animación son outras cousas en común con *Vía* [Via, María Ferreira, Portugal, 2017].

Mais o optimismo de María Ferreira é contrario á resistencia de Pagán. O cineasta galego recupera a tradición cinematográfica experimental para cuestionar a explotación da imaxe da montaña e tamén a posibilidade que hoxe calquera afeccionado cre ter de facer un "filme" sobre Uluru.

**A SEGUNDA VIAXE A ULURU
JOCHEN BRUNOW**

Tirado de *Filme*, nº. 13, 1982, a partir da tradución ao inglés dispoñíbel en <http://www.arthurandcorinnecantrill.com/Hoolboom%20Letter.html>

Sen mostrar nada máis que rocas, pedras, po, plantas, árbores e flores, o filme *The Second Journey (to Uluru)* de Corinne e Arthur Cantrill, ten éxito ao crear un continente que ninguén pisou nunca. Léivate ao máis recóndito, ao corazón da paisaxe.

Uluru, como chaman os aborixes a este monólito no medio do deserto central australiano, foi un dos seus lugares de culto antes de fuxiren ao máis fondo do ermo enfrontados ao turismo. "Cando nos entremetemos, eles se retiran; onde

**ENTREVISTA A ALBERTE PAGÁN
MÓNICA V. LOPO**

Tirado de "Do cinema á literatura" in *La Región*, 28/10/2018.

Uluru é o nome do seu último traballo, cóntenos, qué se atopa nel o espectador?

Uluru é un percorrido alucinógeno polo perímetro da rocha do mesmo nome que se ergue nas chairas centrais de Australia. É unha rocha sagrada para as poboacións aborixes, que están a loitar pola súa autodeterminación. De feito, moitos territorios aborixes xa declararon, unilateralmente, a súa independencia, ante a incapacidade do goberno de amosarlles ningún documento de compra-venda ou ningunha capitulación bélica que demostren o seu dereito a gobernalos. Para estes pobos Uluru é tanto unha catedral (lugar sagrado) como unha biblia (santas escrituras que se espallan por toda a superficie da rocha e que pretendo recoller na miña película).

Con este traballo vén de ser premiado no Festival Curtocircuíto de Santiago, un recoñecemento máis a súa extensa traxectoria... qué supón para vostede ver recoñecido o seu traballo con estes galardóns?

O cinema experimental ten moi pouco público. Estes recoñecementos permiten que xente allea a este tipo de estéticas se acheguen á miña obra.

Que opinan os primeiros espectadores deste traballo?

Uluru só se proxectou en público dúas veces, no Liceo Mutante de Pontevedra e no festival Curtocircuíto. A única maneira que teño de tomarlle o pulso ao público e ver o número que visionados que ten a película na Rede. A día de hoxe, 189 persoas viron a película e a dúas "gustoulles". Iso, para as miñas estatísticas, é todo un éxito.

Como é o cine que fai Alberte Pagán?

Eu fago cine experimental. Pretendo que o meu público sexa consciente da forma e por tanto da función da linguaxe na transmisión dos contidos. Se a unha directora de comedias se lle pregunta que pretende co seu cinema, unha resposta obvia sería "facér rir". A min téñenme preguntado o mesmo e a miña resposta sempre foi "facér pensar". O significado dunha película tamén depende dos modos de produción, da maneira na que esa película chega ás pantallas. No meu cinema eu tento aplicar a fórmula de que "a estética sen ética é pura cosmética". Nese senso eu digo que fago cinema político, porque aínda que os "contidos" políticos non sexan tan obvios a primeira vista, as miñas películas están feixas dun xeito político, comezando polo rexeitamento da industria capitalista.

ULURU / ENIAIOS

MÓNICA V. LOPO / PABLO GAMBA / JOCHEN BRUNOW / ALBERTE PAGÁN

nós estamos, eles non están” é un dos poucos comentarios en off, moito máis do que unha simple descrición do estado físico de estar ou non alí. O ollo da cámara dirixese unicamente á formación de rocas e minerais na vexetación dispersa. Formalmente fica na superficie. Os atributos puramente físicos do lugar están rexistrados cunha precisión científica natural e é precisamente a través desta redución como emerxe un filme cuxo tema é a filosofía. Os sons e as imaxes comparan un discurso visual-musical sobre o poder da paisaxe, o estado das cousas.

O máis recóndito, o corazón da paisaxe. Esta imaxe metafórica xorde da idea dun cerne, un centro organizador. O propio filme vai alén diso: non só empurra o home fóra do centro, máis tamén permite que se diferencien os obxectos. O espazo non é presentado como xeométrico, ou temporal (un elemento de tempo cronolóxico), senón máis ben como unha rede, un tecido. O filme mostra cousas e está entre elas. Toma o camiño da multiplicidade “que se decata de si mesma pero non se pensa” e móstranos outro mundo.

ENIAIOS ALBERTE PAGÁN

Tirado de “Eniaios, a materialidade da duraçom” in *albertepagan.eu*, 13/09/2016.

Eniaios (Gregory Markopoulos, 1991, 80 horas) é a obra final e definitiva de Gregory Markopoulos. Rematada de montar un ano antes da súa morte, tem unha duraçom de umhas 80 horas e compom-se de 22 ordes ou ciclos. Cada ciclo consta de entre 6 e 9 bobinas, de 22 minutos de duraçom cada unha. Entre bobina e bobina produce-se um breve jogo rítmico entre fotogramas brancos e negros, aparentemente modelados segundo um código alfabético no que a cada letra grega se lhe dá um valor numérico; o ritmo viria dado polos títulos das bobinas e dos ciclos transformados em luz e sombra.

“Eniaios” significa “a totalidade” ou “o conxunto”, e efectivamente é umha obra que engloba ao tempo que anula toda a obra anterior de Markopoulos. O cineasta greco-americano acudiu aos originais das suas películas anteriores para reutilizar planos e fragmentos, inutilizando assi a metrage prima, clara image dos seus intereses finais.

A práctica totalidade de Eniaios compom-se de planos nom figurativos, brancos ou, maioritariamente, pretos. A pantalha negra é a base sobre a que se construem, da que nacen, os escintileos de images figurativas ou as luzadas brancas. Em total, reutiliza fragmentos de 21 películas estreadas com anterioridade; de 6 montadas mas nunca exhibidas; e 55 segmentos, a maioría, montam-se por vez primeira para *Eniaios*. As images figurativas podem ser retratos, paisages ou fragmentos narrativos. Alguns dos retratos procedem de obras estreadas, como *Galaxie* ou *Political Portraits*. Outros projectam-se aqui por primeira vez. Os planos com actores

procedem das suas películas; algunhas das paisages (míticas, sagradas, históricas) nunca se exhibiram antes.

Eniaios está desenhada para projectar-se unicamente em Lyssarea (pequena aldea do Peloponeso donde era originário o pai do cineasta). Com periodicidade olímpica, desde 2004 projectáron-se (tres dias de julho cada quatro anos) as 11 primeiras ordes ou ciclos. Estamos a metade de processo. O intervalo temporal entre projecçoms (ao contrário que o intervalo negro entre images na películas) vem motivado por causas alheas à obra: é o tempo necessário para restaurar e imprimir a cópia de projecçom dos seguintes ciclos.

A projecçom no campo perto de Lyssarea engade um elemento extra: o ceu, negro e estrelado, tras a pantalha. O descenso da osa maior até case tocar a pantalha, ou as estrelas fugazes (fugazes como os fotogramas figurativos), contemhem mais movimento que a própria película. O mais interessante, porém, é o feito de que a negritude do ceu converte a pantalha negra, que a pesar de todo segue a receber a luz do projector, em branca, sobre todo naqueles planos de certa longitude que perdem a referència, por oposiçom, aos planos brancos. Quando estes retornam, essa cor cinzenta volve adquirir a sua identidade como “negro”, ao tempo que o branco se fai mais intenso.

Os fotogramas aillados adquirem maior força e intensidade quando os intervalos que os acompanham som negros; de serem brancos, a intensidade da luz, que serve para criar um ritmo mais marcado, resta pureza à image figurativa.

O negro e branco, em palavras de Jodie Mack, loitam entre si, jogam, unem-se e apaream-se para procriarem as images figurativas, filhas da luz e a escuridade, do dia e da noite.

O entorno escolhido para a projecçom, ademais do remoto do lugar, que implica umha longa peregrinaxe e umha inevitável convivència e comuniom entre as e os participantes, que em muitos casos se comportam como “iniciados”, nom pode deixar de influir na apreciaçom da película. Em Lyssarea abondavam as interpretaçoms místicas e quase religiosas; os intentos de recuperar o mito de Asclepio, deus da medicina, que utilizava os sonhos para a sanaçom da gente enferma; certo fanatismo na defensa da obra definitiva de Markopoulos; legitimos subjectivismos que apelavam às sensaçoms persoais de cada quem; certas filosofias bergsonianas... Bem é certo que as santas escrituras do próprio cineasta, crípticas e telúricas, favorecem este tipo de interpretaçoms. Markopoulos como deus (o “cineasta-curandeiro”) e Robert Beavers como o seu profeta. Nom esqueçamos que a palabra Temenos (nome co que se baptizou este encontro-projecçom no Peloponeso) significa “lugar sagrado” ou “templo”. Mas tamém é certo que um dos mantras de Markopoulos, e título dos seus *Collected Writings*, é o moi materialista “film as film”, o “cinema como película”. Apesar destas interpretaçoms místicas e idealistas, Eniaios é um bom exemplo de cinema materialista, sobre todo em quanto à duraçom como dimensiom concreta se refire.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociaciom autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportaciom económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) @cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONES

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€



8 DE MAIO

COMO NON SER VISTA: UN ARQUIVO .MOV EDUCACIONAL FODIDAMENTE DIDÁCTICO (How Not To Be Seen: A Fucking Didactic Educational .MOV File, Hito Steyerl, EUA, 2013, 15', VOSG) *OLLO/MÁQUINA I-III* (Auge/Maschine I-III, Harun Farocki, Alemaña, 2001-2003, 71', VOSG)

15 DE MAIO

Sesión de filmes realizados no CHANFAINA LAB DE SAN SADURNIÑO *Goa presenza de Sabela Iñiguez e Manolo González*

22 DE MAIO

TEMENOS (Alberte Pagán, Galiza, 2017, 37', VO) *FLORA E FAUNA (SHOT ON SIGHT)* (Alberte Pagán, Galiza, 2017, 14', VO) *ULURU* (Alberte Pagán, Galiza, 2018, 7', VO) *O CARUNCHO* (Alberte Pagán, Galiza, 2018, 17', VO) *Goa presenza de Alberte Pagán*

29 DE MAIO

MOVIMCAT Sesión programada por Stefano Miraglia. Organizada en colaboraciom con ACCIÓN CULTURAL ESPAÑOLA, FESTIVAL (S8) E A CUARTA PAREDE